

Filomena Dato: In memoriam

Autor: Jesús Fernando Román Alonso



O 26 de febreiro cúmprense 92 anos do pasamento da poeta Filomena Dato. No cemitério de San Vicente de Moruxo (Bergondo) colocarán un monolito na súa honra. Finou en 1926; enterrándoa nese Cemiterio, aínda que non se coñece a ubicación do sartego ao facerse a mediados do século XX reformas no mesmo. O seu pasamento foi sentido en toda Galicia, participando personaxes históricos da nosa terra.

Naceu en Ourense o 26 de xullo de 1856 na casa nº 10 da rúa de Cervantes; bautizáronna na parroquia de Santa Eufemia do Norte (San Domingos).



Filomena Dato Muruais

Tivo tres irmans: Juan e José estudaron o bacharelato no Centro de Instrución Pública de Ourense, na rúa de Lamas Carvajal. Juan era médico militar, exercendo en Cuba; José era tamen militar, co rango de tenente coronel en Santiago de Compostela. Maravillas, a menor, morreu no pazo de Moruxo.

Foi un dos escasos referentes da literatura feminina e feminista galega nos séculos XIX e XX, con Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Sofía Casanova. As escritoras ourensá e padronesa destacaron, por riba de todo, na poesía en lingua galega; foron as únicas mulleres que publicaron libros na nosa lingua no século XIX. *“Follatos”* (1891) foi o título en galego de Filomena. Tamen o fixo magnificamente en castelán.

Á Dato, á Pardo Bazán e Sofía Casanova uniúlles unha boa amizade, xuntándose en Ourense e na Coruña, no pazo datiano de Moruxo, en Sada, e no de Meirás. Filomena e Emilia participaron en Ourense nos Xogos Florais de 1887 no que resultou premiada Filomena e a Bazán era a presidenta do xurado ou nos de 1901 que sendo a condessa tamén presidenta e Filomena, mantedora. No Liceo de Ourense, en 1914 organizados uns actos sociais pola marquesa da Atalaya Bermeja, Filomena ditou unha importantísima conferencia. Tamen participou nas tres homenaxes que Ourense adicou a Lamas Carvajal: O primeiro, o 22 de maio

de 1913; o segundo, o 31 de maio de 1918, cando se inaugurou o monumento no xardin ourensán do Posio e o 16 de xuño de 1925, o Concello homenaxou a Curros e Lamas Carvajal pódolle os seus nomes a dúas rúas.

Daquela integrouse nos cenáculos literarios galegos de sona: no de Lamas, no dos seus curmáns os Muruais con Valle-Inclán na casa do Arco, en Pontevedra, ou na pontevedresa botica da Peregrina e, en Ourense, na de Benito Fernández Alonso, no seu comercio de panos, no número 8 da Praza Maior, presidida por Marcelo Macías, a quen acompañou en innumerables actos e a el lle adicou unha composición na homenaxe que se lle fixo en 1917 co gallo da súa xubilación e, en 1925, cando se lle nomeou "*Fillo adoptivo de Galicia*". Filomena tamen mantivo relacións amicais con personaxes senlleiros da literatura galego, a maioría xa citados mais arriba: Curros Enriquez, Manuel Murguía, Heraclio Pérez Placer e Pérez Lugín, ...

Curros Enriquez escribiulle sentidas palabras en "*La Tierra Gallega*", onde lle publicou algunha composición, mesmo incluíu un retrato dela a plumiña. Creada a Real Academia Galega en 1906. Curros propúxoala, sendo aceptada, como membro Correspondente da mesma. Morto el foi unha das autoridades que o recibiu na Coruña, colocando unha coroa sobre o seu sartego diante da sé da Real Academia Galega. Participou na homenaxe ao celanovés no teatro Principal da Coruña; en 1913, en Ourense, foi fedataria na colocación dun monolito "*in memoriam*" do amigo na Ponte Romana e, en 1925, na homenaxe celebrada no Teatro Principal ourensán.

A súa súa obra foille premiada en xogos florais en castelán, e, en especial, en galego:

"*Follatos*" é o texto que lle deu sona, onde recolle as obras premiadas no Certame literario de Ourense de 1887 (Xogos Florais), adicado á "*Infanta d'España Dona Sabela Francisca de Borbón*", sendo a mais importante "*Defensa das mulleres*" na que fala de personaxes femeninos a imitación doutra co mesmo título de frei Benito Feixoo; a honraron con tres prêmios e por un cento de cantares e o romance "*Casdemiro*"; escritas nun galego ricaz.

En castelán, os premios foron: En 1888, o romance "*A Lourizán*", no certame de Pontevedra; en 1891, en Tui nos "*Xogos florais de Galicia*" o "*Consistorio d'os Xogos Frorae de Galicia*" premiáronna cun "*Alfilenete de turquesas e brilantes*" pola poesía "*O gaitero de Xixón*"; o xurado formabanno Manuel Murguía, Salvador Cabeza de León e Alfredo Brañas,



"A Infanta Sabela en Ourense" - Grupo de damas no té campestre do Concello.

Sentada, a notable poetisa Filomena Dato. ("*Vida gallega*" núm. 60 Ano VI - 1914)

A súa personalidade poliédrica, sociabilidade, cultura e sensibilidade amosounas na súa obra poética; consideráronna digna sucesora de Rosalía de Castro. Trataou o ámbito do ser humano

con igualdade, sociabilidade, cunha firme crenza feminista. Demanda xustamente a igualdade do ser humano sen importar o seu xénero; daquela trasmita a mensaxe da equiparación de dereitos esenciais do home e da muller; tamen defendeu a identidade propia da nosa terra e da lingua nativa.

Publicou cinco libros en castelán: “*La letania Lauretana*” (Ourense, 1878), “*Penumbras*” (Madrid, 1880), “*Romances y cantares*” (Ourense, 1885), “*La luna coimbricense*” (Santiago) e “*Fe*” (A Coruña, 1911).

Algunhas das súas composicións publicáronse en xornais: “El Heraldo Gallego”, “O Tio Marcos d’a Portela”, “Álbum literario”, “La Tierra Gallega”, “El Miño”, “A Nosa Terra” e “Galicia”. O 2 de xuño de 2009 presentouse no Museo Municipal de Ourense a obra titulada “*Filomena Dato: a poeta galega de entre séculos*” da miña autoría publicado pola editorial ourensá Duen de Bux, no que inclúe unha biografía da autora e unha recompilación de 69 poesías en galego, tres delas inéditas; merece ser destacada a titulada “*O Ciprianillo*”; só era coñecido o de Curros. De seguido, fixose unha *procesión cívica* ata a casa número 64 de rúa de San Domingos, para repor unha placa que fora colocada o 25 de xullo de 1933, que di: “*As mulleres ourensáns lémbrense de sua escritora, Filomena Dato Muruais que neste casal morou*”. Daquela léranse unhas cuartillas de D. Marcelo Macías.



Placa adicada a Filomena Dato,

Galicia sempre enorgulleceu dunha poeta tan senlleira.